



Título: Currículos e Relatorios dos VI Encontros pola Normalización Lingüística.

Fonte: Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia

Data: Luns, 14 de outubro de 2002

Consello da Cultura Galega. (www.consellodacultura.org)

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)

Contacto: Tfno: +34 981569020 / Fax : +34 981569020 / e-mail: redaccion@culturagalega.org

Relatorios

Mesa de Trabajo MÉTODOS PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

**“O plan de normalización lingüística da Universidade de Santiago de Compostela”
Manuel Núñez Singala
(Servicio de Normalización Lingüística-
Universidade de Santiago de Compostela)**

A comunicación constará de dúas partes netamente diferenciadas. Unha primeira, na que se atenderá ó **proceso** de elaboración do Plan da Universidade, e unha segunda na que se expoñerán os seus **contidos**.

Na primeira parte referirémonos ós antecedentes do Plan, ás motivacións que levaron á súa redacción e ós atrancos e problemas, —tamén ós acertos— máis relevantes que foron xurdindo ó longo da súa elaboración.

Na segunda parte, de carácter descritivo, tentaremos dar unha visión xeral da estrutura e tamén dos contidos do Plan facendo fincapé no que tal documento pode supoñer para a extensión do uso da lingua na Universidade de Santiago de Compostela.

Mesa de Traballo
O GALEGO ESTREMEIRO. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

“Eo-Navia: unha comarca de lingua galega en Asturias”

Carlos Xesús Varela Aenlle

1. A SUTIACIÓN XEOGRÁFICA, HISTÓRICA E SOCIOECNÓMICA
 - a) Xeografía
 - b) Historia
 - c) Economía
 - d) Cultura
2. AS INSTITUCIÓNS ASTURIANAS
 - a) O goberno do Principado de Asturias
 - b) A Academia de la Llingua Asturiana (ALLA)
3. OS PARTIDOS POLÍTICOS ASTURIANOS
 - a) O Partido Socialista Obrero Español (PSOE)
 - b) O Partido Popular (PP)
 - c) Izquierda Unida (IU-IX)
 - d) Outros
4. OS MASS MEDIA ASTURIANOS
5. AS ASOCIACIÓNS CULTURAIAS ASTURIANAS
6. AS ASOCIACIÓNS CULTURAIAS DO EO-NAVIA
 - a) A Mesa pola Defensa del Galego de Asturias (MDGA)
 - b) Xeira
 - c) Outras
7. O PROBLEMA DESDE GALIZA
8. OS PARTIDOS POLÍTICOS GALEGOS
 - a) O Partido Popular (PP)
 - b) O Partido dos Socialistas de Galicia (PSOE)
 - c) O Bloque Nacionalista Galego (BNG)
9. OS MASS MEDIA GALEGOS
10. ALGUNHAS PECUALIARIDADES DA LINGUA GALEGA DO EO-NAVIA
11. PROPOSTAS PARA A PROMOCIÓN DO GALEGO NO EO-NAVIA
 - a) Desde Galiza
 - b) Desde o Eo-Navia
 - c) Desde o Principado de Asturias e a Academia de la Llingua Asturiana

Mesa de Traballo
O GALEGO ESTREMEIRO.SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

“Algúns casos de ‘normalidade’ lingüística en Europa”
Xosé Henrique Costas González

Nos estados europeos actuais existe unha enorme variabilidade de situacións e lexislacións lingüísticas, se ben temos que indicar que o habitual é que os estados sexan centrolingüistas, isto é, promocionen, privilexien ou impoñan unha das linguas -normalmente a máis empregada demograficamente no seu territorio estatal- e ignoren, toleren ou persigan as outras. E tampouco é infrecuente que un mesmo estado ignore unhas linguas, tolere outras e promocione outras en función da rexión ou nación nas que se falen. A cada lingua ou minoría lingüística semella corresponderlle un tratamento totalmente diferente en función do estado ou rexión europea no que se encontre.

Poñamos un exemplo moi próximo. Se hoxe dicimos que no estado español se falan dez linguas territoriais autóctonas alguén podería pensar que esaxeramos, pero ese alguén calaría ante a evidencia dos 20.000 falantes de tamazight en Melilla, ou os 3.000 falantes de portugués en Olivença, ou os 15.000 de hassanía en Ceuta (linguas ignoradas), os 300.000 de asturiano e os 25.000 de aragonés (linguas toleradas), os 3.500 occitano-araneses (lingua parcialmente promocionada), os galegos, euskadúns e cataláns (linguas cooficiais protexidas, agás para os falantes galegos de Asturias, Castela-León e Estremadura, os euskaldúns de Castela-León e os cataláns de Aragón e Murcia). É dicir, en canto a dereitos lingüísticos no estado español hai, por dicilo dalgún xeito, cinco divisións. Cidadáns tan españois coma o propio Rei son tratados lingüísticamente de maneira moi diversa e discriminatoria sen que nada xustifique ese trato diferente.

Na presente comunicación imos ofrecer unha mostra do tratamento lingüístico dado polos estados de Hungría, Letonia, Iugoslavia, Suíza, Grecia e Francia a cadansúas linguas. Algúns son estados da actual UE, outros son estados aspirantes a entrar e algúns outros están á marxe da UE. En calquera caso, faise urxente e necesaria unha política europea común de promoción das linguas (aínda) non estatais. A *Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias* é un bo instrumento de inicio, pero está sendo incumprida flagrantemente mesmo por algúns estados que a asinaron e a ratificaron.

Mesa de traballo
O PERFIL DO TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

**“O perfil laboral do técnico/a no Consorci per a la Normalització Lingüística”
Núria Pera Maltes**

1. ANTECEDENTES E ORIXES DO TÉCNICO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

- a) Antes da década dos oitenta
- b) O marco anterior á transición
- c) Durante a transición e o periodo de recuperación da Generalitat de Catalunya
- d) Os anos oitenta e noventa.

2. CREACIÓN DO CONSORCI PER A LA NORMALIZACIÓ LINGÜÍSTICA E PROCESO DE DEFINICIÓ DO TÉCNICO DE NORMALIZACIÓ LINGÜÍSTICA (TNL).

3. PERFIL DO TNL NO SEO DO CONSORCI PER A LA NORMALIZACIÓ LINGÜÍSTICA DESDE 1992 A 2002:

- a) Tarefas a realizar nos tres ámbitos da normalitzación lingüística:
 - Área de dinamización
 - Área de ensino
 - Área de asesoramento

- b) Estatus xurídico e laboral do TNL

4. PERSPECTIVAS DO TÉCNICO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA A PARTIR DO 2002.

Mesa de Traballo
MÉTODOS PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

“O plan de normalización lingüística da Universidade de Vigo”
Anxo M. Lorenzo Suárez

O obxectivo desta intervención é a de presentar os puntos principais en que se está a basear no momento actual a xestión normalizadora na Universidade de Vigo. A etapa que agora está a principiar céntrase principalmente no deseño dunha xestión normalizadora diversificada e complexa e na planificación a curto e medio prazo dun conxunto de liñas de actuación tendentes a aumentar considerablemente a presenza do galego nos usos lingüísticos da comunidade universitaria.

Como eixes ou focos de atención máis relevantes desta xeira que se inicia no actual curso académico debemos salientar os seguintes: en primeiro lugar, a creación dunha Comisión de Política Lingüística da universidade, delegada do Consello de Goberno; e en segundo lugar, a posta en marcha dos mecanismos para a redacción durante este curso do Plan de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo para o período 2003-2006.

OS RETOS LINGÜÍSTICOS DA AMPLIACIÓN EUROPEA

Bojan Brezigar

Neste relatorio ofreceremos unha panorámica da política da Unión Europea referida ás linguas. Na primeira parte mostraremos a perspectiva da Unión Europea con respecto ás linguas oficiais e ás linguas de traballo co pano de fondo da ampliación da UE. Na segunda parte analizaremos a aproximación da UE ós problemas xerais das minorías, con referencia ó Consello de Europa e á Organización para a Seguridade e Cooperación en Europa (OSCE); ilustraranse principalmente os aspectos políticos vencellados ó proceso de mantemento da paz en Europa. Na terceira parte, que será a máis longa, centrarémonos na perspectiva cultural das linguas rexionais ou minoritarias; ilustraranse as políticas das institucións da UE con especial referencia ó Parlamento e á Comisión Europea. A derradeira parte conterá algunhas reflexións sobre a situación actual, incluídas as relacionadas coa Convención europea e a ampliación da UE.

Mesa de Traballo
O GALEGO ESTREMEIRO. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

“A situación do galego no occidente de Asturias, León e Zamora”

Francisco Fernández Rei
(Instituto da Lingua Galega da USC)

Na estrema coa Galicia administrativa o galego fálase en 18 concellos da asturiana Terra Eo-Navia (44.916 h. no censo do 2001), en 19 concellos dos Ancares leoneses e do Bierzo occidental (31.038 h.), en 4 concellos de entre A Portela da Canda e do Padornelo (1.397 h.) e en Calabor (uns 100 h.), no concello arraiano de Pedralba de la Pradería.

Nun informe relativo á lingua do alumnado e do profesorado nas franxas occidentais de Asturias, León e Zamora, que en 1992 publicou o Consello da Cultura Galega, no Bierzo só un tercio escaso de pais e nais tiñan o galego como lingua inicial e no alumnado a porcentaxe era só do 16,7%, e baixa era a porcentaxe de uso de pais cos fillos (e viceversa). Na comarca eonaviega esas porcentaxes eran máis altas, e moito máis o eran nas despoboadas Portelas cun uso case xeral do galego.

No meu relatorio, que quere ser ante todo unha introducción ó tema desta mesa de traballo, dun xeito moi xeral tratarei estes puntos:

- 1º) Demografía e usos lingüísticos nas comarcas estremeiras con Galicia.
- 2º) Conciencia lingüística na Terra Eo-Navia, no Bierzo e nas Portelas.
- 3º) Reivindicación (desde Galicia) da galegitude lingüística (e cultural): accións institucionais e sociais na actual etapa autonómica.
- 4º) Algunhas accións (urxentes) para contribuír (desde Galicia) á normalización do galego estremeiro.

Mesa de Traballo
O GALEGO ESTREMEIRO. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

“A comunidade de lingua galega en Zamora”
Felipe Lubián Lubián

A Comunidade de Lingua Galega en Zamora está conformada por quince lugares organizados en catro concellos: Porto, Pías, Lubián e Hermisende.

A densidade de poboación nestes lugares estremeiros é de 3 habitantes por kilómetro cadrado.

Ademais, está moi avellentada, especialmente en Porto, Pías, Hedroso, Acibeiros, Padornelo, Castrelos e San Ciprián, lugares onde xa non quedan rapaces. As súas pirámides de poboación son coma globos inchados a flotar no ceo, pero sen cordel que os ate ao chan.

Viven nestes lugares 1350 almas mal contadas, das que usan o galego oriental de forma habitual un 95%. Do 5% que usa o castelán de forma habitual, aínda os hai que falan galego cando cadra, sobre todo aqueles que usan habitualmente o castelán pola teima dos seus proxenitores galego-falantes.

Hai lugares onde usa o galego toda a xente: Porto, Barxacova, Pías, Vilanova, Hedradas, Chaos, Hedroso, Acibeiros, Castrelos, Hermisende, San Ciprián e Castromil.

Os castelán-falantes proceden de arrieiros reconvertidos tempos atrás en sedentarios en lugares como Lubián e Padornelo, a carón da estrada, ademais dos funcionarios inmigrados temporalmente.

Na diáspora andan tamén outros tantos galego-falantes que aínda non perderon a lingua: Cornellá, Madrid, Bilbao... Aínda falan coma nós, polo menos cando nos veñen visitar, que é todos os anos, no verán.

É preciso engadir o máis absoluto analfabetismo na nosa lingua vernácula. É unha consecuencia do secular abandono institucional. Por iso, cando deixas un semanario en galego na mesa do bar, ou publicas un bando do concello en galego, a xente enruga o cello, enchendo de enrugos a cara, e facendo mil fustaxes para intentar ler o que pon.

Precisamos cursos de educación de adultos para matar ese analfabetismo, dignificando a lingua que primeiro agromou nos nosos beizos.

A “Junta” acepta o galego como materia optativa nas escolas dos territorios lindeiros, ou na escola oficial de idiomas de Ponferrada pero non está polo labor de impartir cursos de galego aos adultos deses territorios.

Mesa de Traballo
O GALEGO ESTREMEIRO. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

“O galego do Bierzo: planificación e dinamización lingüística”
Héctor M. Silveiro Fernández

É indiscutible que o galego no Bierzo conforma a identidade berciana. Detémonos nas vicisitudes que nos últimos anos do século XX pasou o galego no Bierzo para, a continuación, poder abordar en mellores condicións un duro traballo pola dignificación e a normalización lingüística nesta comarca. O traballo conxunto de galegos e bercianos é, ademais dunha necesidade, unha evidencia incuestionable da ligazón que nos une, aínda que sempre hai quen non a queira ver. De feito a ningún berciano lle estraña que a Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia subvencione actividades no Bierzo ou que a Real Academia Galega celebre as Letras Galegas en Vilafranca. Os problemas de “competencias” que as Administracións alegan para xustificar a lentitude á hora de actuar e a falta dunha verdadeira acción de planificación lingüística está dificultando gravemente o asentamento de dinámicas reais de normalización do galego nos territorios galego falantes que non están na Galicia administrativa. Para que a lingua materna se manteña nos concellos galegófonos, onde a lingua de sempre viviu refuxiada no ámbito familiar e coloquial, é hoxe imprescindible unha ofensiva nos ámbitos públicos da educación, da administración, os medios de comunicación, a medicina, a igrexa, etc... Pero para que non exista un rexeitamento ou simplemente non permaneza indiferente o berciano ante un plan de normalización, cremos que a planificación lingüística no Bierzo neste momento non será plenamente eficaz se non é capaz de presentarse como un fenómeno natural, estreitamente ligado á vida cotiá e como unha faceta máis da cultura, mesmo, interesado na dinamización socio-económica de zonas que están sufrindo unha aberrante despoboación e están en constante envellecemento. Estes últimos son factores que non podemos perder de vista pois inciden directamente na percepción que da problemática lingüística teña o habitante do Bierzo.

Ofrecemos alternativas que parten, pois, da nosa experiencia no eido cultural e unha moi humilde contribución ao proceso de dinamización a prol da lingua no que estamos inmersos desde hai anos. Ante a ausencia de planificación lingüística para o Bierzo evidenciamos no futuro próximo a pertinaz presenza de tremendas eivas a ter en conta á hora de facer real un verdadeiro movemento normalizador con dúas sombras que se deixan ver no horizonte: a falta de nenos nos territorios galegófonos e a falta de intervención decidida e consciente sobre o fenómeno lingüístico por parte das autoridades. Por iso, é preciso que este proceso de normalización saiba chegar especialmente a esa Comunidade Escolar onde o galego está vivo, procure e incida acertadamente na intervención das Administracións Autonómicas implicadas na problemática lingüística, saiba entrar nas administracións locais e na comarcal nas que deben vertebrarse novas dinámicas onde a lingua e a cultura galegas estean presentes, onde o galego faga acto de presenza na vida pública como de feito segue manifestándose de forma habitual para os seus vecíns de cotío. Un proceso que saiba coordinar os esforzos e cativos medios que posúen as asociacións e colectivos culturais que defenden a lingua. Estes colectivos e a súa dinámica son e serán parte esencial da mesma sempre que supere a actual tendencia a intervencións puntuais e modele iniciativas realistas e efectivas que servan de punto de referencia para o mundo do Ensino, da Cultura e mesmo para as Administracións. Este movemento debe chegar efectivamente aos potentes Medios de Comunicación e facer do galego na opinión pública algo tamén vivo para o berciano da pé nas páxinas dos xornais, nas informacións locais da radio ou da televisión.

MESA DE TRABAJO
MÉTODOS PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

“O Plano de Normalización Lingüística do Concello de Santiago”

Manuel Portas Fernández

(Concellería de Normalización Lingüística-Concello de Santiago)

1. Cuestións previas:

- 1.1. Os obxectivos e a filosofía básica, condicionantes do método.
- 1.2. A planificación como cultura da actuación.
- 1.3. A normalización, grande pacto político e social.
 - 1.3.1. O Consello Municipal para a normalización lingüística.
- 1.4. A normalización, obxectivo compartido de toda a sociedade >
> a participación como principio metodolóxico fundamental.
- 1.5. A elaboración do Plano de Normalización Lingüística, proceso normalizador en si mesmo.

2. Metodoloxía.

- 2.1. Coñecemento da realidade sociolingüística, como paso previo: *Estudio-diagnóstico sobre a situación da lingua galega no Concello*. Divulgación da diagnose.
- 2.2. Determinación dos obxectivos xerais e das grandes áreas de compartimentación da realidade (Consello Municipal. Equipa técnica: Cidadanía).
- 2.3. Determinación de obxectivos específicos, directrices e estratexias para cada un dos sectores: creación de *grupos de planificación sectorial (GPS)* coa participación de representantes do Consello e de técnicos.
 - 2.3.1. Outros sectores: foros, encontros e focus group.
 - 2.3.2. Dinámica e proceso nas reunións:
 - 2.3.2.1. Apresentação do PNL, presentación dos datos do *Estudo*, Dafo.
 - 2.3.2.2. Detección de problemas e debate sobre obxectivos.
 - 2.3.2.3. Fixación de obxectivos, debate sobre as liñas estratéxicas de actuación e posibles medidas.
 - 2.3.2.4. Aportacións e debate sobre as liñas de acción estratéxicas e sobre as medidas propostas.
 - 2.3.2.5. Determinación e priorización das liñas estratéxicas e das medidas de actuación e elaboración da proposta do sector.

2.4. Presentación a institucións e asociacións vinculados à normalización do idioma.

2.5. Debate e aprobación do PNL no Consello Municipal.

2.6. Debate e aprobación do PNL no Pleno de Concello.

Mesa de Traballo
O PERFIL DO TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

“A formación e o status laboral do/a técnico/a dun servizo de normalización lingüística”

Manuel Bermúdez Blanco

O status laboral e a formación dun traballador son dous elementos da vida profesional que están moi relacionados. Nesta intervención non imos ofrecer un informe exhaustivo de cal é a situación laboral dos membros que compoñen o noso colectivo. Tampouco imos dar un informe estatístico sobre o nivel formativo dos traballadores dos servizos. Intentaremos definir estes dous conceptos, describir brevemente cal é o status laboral e a formación do técnico dos servizos lingüísticos galegos e ver a relación existente entre status laboral e formación. Nós partimos da base de que un status laboral adecuado é a base fundamental para conseguir unha formación de alto nivel, especialista en planificación de servizos lingüísticos que saiba organizar un servizo, deseñar e elaborar un plan de normalización lingüística, ademais de traballar correctamente sobre o corpus e o status. Tamén cremos que unha formación adecuada servirá para mellorar o status laboral do profesional, pois é a vía da profesionalidade, da eficiencia, da que se pode esperar que se consolide o status laboral do noso colectivo.

Mesa de traballo
O PERFIL DO TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

“A figura do técnico/a de normalización lingüística dentro da Administración pública desde unha perspectiva xurídica”

Xesús M. Costas Abreu

1. O ENCADRAMENTO TEÓRICO-LEGAL

- a) Corpos, escalas...
- b) Prazas e postos de traballo...
- c) Relación estatutaria, laboral...
- d) O plano orgánico e o funcional: servicios e unidades...

2. A PRÁCTICA ADMINISTRATIVA

- a) O nacemento dos servicios
- b) Tipoloxía de servicios
- c) Estabilidade e subvencións
- d) Niveis/ámbitos idóneos de prestación
- e) A cuestión do encadramento

3. COORDINACIÓN, COLABORACIÓN E EFICACIA: difundir e compartir recursos e experiencias.

4. O MARCO LEGAL, A RE-INTERPRETACIÓN XUDICIAL E A/S POLÍTICA/S LINGÜÍSTICA/S (REALMENTE EXISTENTES).

Mesa de Traballo
A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA EN EUROPA

”Modelos de tratamento da diversidade lingüística”
Taina Hämäläinen

A maioría dos países europeos garantizan dalgunha maneira a protección das minorías lingüísticas, se ben o alcance e a cobertura da protección varían considerablemente dun país a outro. Os conceptos de *lingua oficial*, *lingua nacional* e *lingua minoritaria* non son unívocos, nin é necesariamente fácil clasificar unha lingua dentro dunha única categoría. En termos xerais, unha lingua oficial é usada polos órganos estatais – tanto na administración interna coma na comunicación entre as autoridades e os cidadáns -, unha lingua nacional ten uso oficial no ámbito local, pero non estatal, e unha lingua minoritaria goza dereitos limitados e específicos en determinados ámbitos da vida, como a educación primaria. Para o falante, o máis importante é o verdadeiro uso da lingua no entorno xeográfico en que vive, posto que a oficialidade da lingua implica, basicamente, o dereito de usar a lingua na comunicación coas autoridades e os órganos administrativos. Non implica, necesariamente, a posibilidade real de usa-la lingua na vida cotiá. Por outra banda, a lexislación lingüística non inclúe, xeralmente, normas sobre o sector privado (o uso dunha lingua ou doutra nos comercios, asociacións privadas etc.). Por estas razóns, tamén as linguas minoritarias protexidas poden recuar, se non teñen uso cotián e permanente no ámbito xeográfico en que viven os seus falantes.

A lexislación dos países en materia lingüística baséase en dous modelos fundamentais: o principio territorial e o principio persoal.. No primeiro modelo, os dereitos lingüísticos delimitáanse a determinadas zonas xeográficas. Un exemplo ilustrativo da aplicación deste modelo é Bélxica; é tamén, basicamente, o modelo seguido en Suíza. Naqueles países que seguen o modelo persoal, cada individuo pode elixir, independentemente do seu lugar de residencia, a lingua que usa nas súas comunicacións coas autoridades, e –

sempre que sexa posible – a lingua en que serán educados os seus fillos. Éste é o principio seguido en Irlanda, Canadá e África do Sur.

O máis frecuente, sen embargo, é que a lexislación lingüística do país contemple ambos modelos. En Finlandia, os dereitos lingüísticos da minoría suecofalante están baseados

principalmente no principio de territorialidade, xa que o sueco ten vixencia local só naqueles municipios en que é falado; no obstante, nos municipios bilingües, os cidadáns poden elixir libremente a lingua que usan nas súas comunicacións coa administración. Tamén o modelo seguido nas comunidades autónomas de España debe considerarse como unha combinación de ámbolos dous modelos.

Farase referencia nesta conferencia a varias linguas e comunidades lingüísticas, para reflexionar sobre a viabilidade e as vantaxes ou desvantaxes destes modelos en diferentes contextos. Trataráse con especial atención algúns casos particulares, como a minoría suecofalante de Finlandia, que presenta certas particularidades pouco comúns a nivel europeo, e o caso da comunidade rusofalante en Estonia.

O PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA. UN BREVE ANTICIPO DO PROXECTO

Xesús P. González Moreiras
(Dirección Xeral de Política Lingüística)

A finais do pasado mes de marzo, nunha reunión que tivo lugar no mosteiro de Sobrado dos Monxes, o Goberno galego deu o visto e prace, como un dos seus proxectos relevantes para esta lexislatura, a unha proposta de redacción dun Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega presentada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Neste primeiro documento, que foi elaborado integramente por técnicos da Dirección Xeral de Política Lingüística, expoñíanse de forma xenérica algunhas das consideracións e criterios iniciais desde os que cumpriría partir para aborda-lo proxecto. Trala citada aprobación, e como primeiro paso, constituíuse unha comisión técnica, formada por catro persoas, que desde entón vén traballando nas tarefas contempladas para a primeira das tres fases nas que se articula o deseño programático.

Na miña intervención referireime ó guión e programa establecidos así como á metodoloxía, estratexias e procedementos esbozados con carácter xeral ou postos en práctica ata o momento. Neste sentido, pódese dicir que o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega está concibido como o marco referencial que, partindo dun concepto globalizador, permita, de forma planificada, a concreción e actualización dos grandes obxectivos de política lingüística expresados na Lei de normalización lingüística de 1983.

En calquera caso, cómpre advertir do carácter provisorio dos contidos desta intervención, carácter que é corolario do feito de que o proxecto aínda se atopa nun estadio incipiente do seu desenvolvemento. Igualmente, débese ter en conta que unha das premisas fundamentais das que se parte é que o produto resultante sexa froito dun proceso participativo derivado do dialogo social e do diálogo político, o que suporá a continua reformulación, reestructuración e emenda de materiais, contidos e textos.

Curriculas

Manuel Carlos Núñez Singala

Na actualidade, e desde o ano 1988, é director do Servicio de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela.

Con anterioridade foi bolseiro do Instituto da Lingua Galega, bolseiro na Unidade de Traducción do Parlamento de Galicia e traductor do Diario Oficial de Galicia na Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia.

Tamén é membro do Comité directivo de Realiter, (Rede Panlatina de Terminoloxía) unha entidade internacional á que están adheridas máis de cen institucións e organismos de corenta países.

Membro designado pola Universidade na Comisión Municipal de Normalización Lingüística do Concello de Santiago que foi a encargada de elaborar o Plan de Normalización Lingüística desta institución.

Coordinador do Comité Técnico de Linguaxes de Especialidade do Consello da Cultura Galega

En relación cos plans de normalización lingüística ten publicado recentemente en *Cadernos da Lingua* o artigo “Algunhas reflexións verbo da elaboración de plans de política lingüística”.

Foi coordinador das seguintes publicacións:

- *Mellorando os Servicios* (2 volumes), Universidade de Santiago de Compostela, 1997
- *Curso de lingua galega para non galegofalantes*, Xunta de Galicia- Everest, 2000

Coautor das seguintes obras:

- *Vocabulario do Medio Físico*, Xunta de Galicia, 1988
- *O galego e a información*, Editorial Lea, 1996
- *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela*, Universidade de Santiago, 1998

Así como autor de artigos en revistas especializadas e de comunicacións e relatorios a numerosos congresos e xornadas.

No terreo da creación literaria ten publicados

- Unha obra de teatro: *O achado do castro*, Sotelo Blanco Edicións, 1991

- Unha novela: *Mar de fondo*, Editorial Galaxia, 1997
- Varias narracións breves, dispersas por revistas ou volumes de contos colectivos.

Xosé Henrique Costas González

TÍTULOS ACADÉMICOS

Licenciatura en Filoloxía Galego-Portuguesa, Univ. de Santiago de Compostela, xuño/1985.

Título de Doutor, cun laude, en Filoloxía Galega pola USC, xaneiro/1995 (*Aproximación diacrónica e sincrónica ó estudio das sibilantes en galego*).

POSTOS DOCENTES DESEMPEÑADOS

Desde out/1995 á actualidade: Profesor Titular con dedicación exclusiva en docencia de Lingua Galega na Fac. de Filoloxía e Traducción de Vigo.

ACTIVIDADE INVESTIGADORA DESEMPEÑADA

Bolseiro-investigador do Instituto da Lingua Galega durante o curso 1984/85.

Bolseiro da Comisión Europea para as linguas menos estendidas (EBLUL) para o estudio da minoría lingüística catalana en Alguer (Sardegna-Italia), maio de 1994.

Coordinador do proxecto de investigación titulado *Estudio lingüístico, etnográfico y antropológico del Val do Río Ellas (Cáceres)*, que obtivo o 1º Premio do “Certamen de Jóvenes Investigadores 1993” convocado polo Instituto de la Juventud, do Ministerio de Asuntos Sociales, e maila Dirección General de Investigación Científica y Técnica, do Ministerio de Educación e Ciencia. Oviedo, setembro de 1993.

LIBROS PUBLICADOS

Traduccions (última)

“Agredoce”, poema da escritora en lingua frisona Tiny Mulder, no libro homenaxe *De wrâld yn bitterswiet* (2001): Ljouwert / Leeuwarden: Omrop Fryslân [o poema “Bitterswiet” traducido en 80 linguas de todo o mundo. Pódese ver tamén en <http://www.flmd.nl/bitterswiet/Galician.htm>].

Orixinais (últimos)

Escolma da poesía berciana en lingua galega (1860-1960) (2002). Santiago: Eds. Positivas.

Guía básica das linguas de Europa (2002), Santiago: Eds. Positivas .

The Galician language in education in Spain (2001). Leeuwarden: Frisky Academy [dossier sobre a situación da lingua galega no ensino en Galicia (1998-2000) elaborado para o programa Mercator-Education da Unión Europea e encargado pola Academia da Lingua Frisona (Holanda), consultable tamén en <http://www.mercator-education.org>

Seis sainetes valverdeiros de Isabel Lopez Lajas (1998): Santiago: Positivas (introducción, notas e glosario).

ARTIGOS PUBLICADOS

“Léxico e fronteira no Val do Río Ellas” (2002), en R. Álvarez (ed): *Actas das Xornadas de Léxico e Dialectoloxía*. Facultade de Filoloxía da USC, marzo-maio de 2001. Santiago: Servicio de Publicacións da USC (no prelo).

“Historia e toponimia no Val do Río Ellas” (2002), en R. Álvarez e D. Vilavedra (eds.): *Homenaxe ó profesor Fernando Tato*. Santiago: Servicio de Publicacións da USC (no prelo).

- “Francia: marco legal e situación lingüística” (2002): en A. Luna e G. Constenla (eds.) *Actas do Simposio “As linguas de Francia e Italia”*, Vigo, 17-18/ decembro/ 1999. Vigo: Servicio de Publicacións da Universidade (no prelo).
- “As fronteiras entre galego, portugués e castelán no noroeste de Cáceres” (2002), en M^a.V. Navas Sánchez-Élez *et alii* (eds.): *Actas do Seminario Interuniversitario “Fronteras e intercambios lingüísticos y literarios en el ámbito románico”*, Madrid: Universidad Complutense, UCM, 7-9/maio/2001 (no prelo).
- “Oficialización do galego fóra das fronteiras de Galicia” (2002), en Actas da VIII Conferencia Internacional de Linguas Minoritarias, DXPL da Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 22-24 de novembro de 2001 (no prelo).
- “As dificultades na oficialización do galego estremeiro” (2001), en Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística do Consello da Cultura Galega, 3, pp. 15-16.
- “Posibilidades legais de equilibrio lingüístico no Bierzo Occidental e nas Portelas. Breve referencia á terra Eo-Navia e Val do Río Ellas.” (2001a), en A Trabe de Ouro. Revista galega de pensamento crítico, 47, pp 379-392.
- “Tipoloxía das falas do Val do Río Ellas” (2000a): en Actas do XV Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística , Universidade de Faro (Algarve), 28-30/ setembro/1999, pp. 98-111.
- “Aspectos sociolingüísticos das falas do Val do Río Ellas (Cáceres)” (2000b): in Salvador, A., Carrasco, J. e García, M.D. (eds.), Actas del I Congreso sobre A Fala. Mérida: Gabinete de Iniciativas Transfronterizas de la Consejería de la Presidencia de la Junta de Extremadura / Editora Regional de Extremadura, pp. 93-106.
- “Valverdeiro, lagarteiro e mañego: o ‘galego’ do Val do Río Ellas (Cáceres)” (1999a): in Fernández Rei, F.e Santamarina, A. (eds.): *Linguas e variedades minorizadas. Estudios de sociolingüística románica*. Santiago: Servicio de Publicacións da USC, pp. 83-106.

ACTIVIDADE EN EMPRESAS E PROFESIÓN LIBRE

- Asesor lingüístico da Radio Autonómica Galega (out/1.985 a xuñ/1986)
Asesor lingüístico da Televisión de Galicia (xuñ/1986 a out/1986)

OUTROS MÉRITOS

- Membro do Comité de Redacción da revista *Estudios de Sociolingüística* (2000) da Universidade de Vigo.
- Membro do Consello de Redacción da revista *Lingua e Dereito* (2000) da Universidade de Vigo.
- Membro do Comité Científico do Congreso de Minorías Lingüísticas (Pontevedra, Palacio de Congresos, 2001).

Actividade universitaria

- Director do Departamento de Filoloxía Galega e Latina (a partir de febreiro de 2000).

Manuel Portas Fernández

Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa.

Profesor de Língua e Literatura Galegas no Instituto Arcebispo Xelmírez 1.

Director deste centro ao longo de oito anos (1987-1996), onde potenciou o carácter innovador na educación e a galeguización do centro. É nesta faceta de director que ten participado activamente na defensa do ensino público, especialmente nas mobilizacións en demanda dunha financiación adecuada dos centros públicos, motivo polo cal foi en varias ocasións Portavoz da Asemblea de Directores.

Foi tamén Profesor Asociado da Universidade de Santiago no Departamento de Filoloxía Galega.

Ainda relacionado co ensino, no ámbito do sindicalismo, foi membro da Dirección Nacional da UTEG-INTG, integrada posteriormente na CIG.

No mundo do idioma, ademais de desempeñar postos de dirección na Asociación Galega da Língua, foi membro fundador da Mesa pola Normalización Lingüística. Como representante da mesma, xestionou cos partidos políticos nacionalistas no Parlamento (BNG-EG-PNG-CG) a presentación conxunta -por primeira vez na historia- de varias Proposicións no Parlamento Galego cos acordos adoptados no Encontro sobre o Estado Actual da Normalización Lingüística.

A súa dedicación á problemática social do idioma levou-no a desempeñar o papel de publicista da lingua do país (axitador do idioma) en conferencias dentro e fóra da Galiza.

Ten publicado artigos de investigación e participado en obras conxuntas sobre temas de lingüística galega e de crítica literaria, así como en libros de carácter didáctico. De entre as publicacións cumpre salientar *Língua e sociedade na Galiza* (1991), obra que contribuíu a espallar a sensibilidade sociolingüística, varias veces reeditado.

Formou parte do Consello de Administración do xornal A Nosa Terra.

Dentro do Bloque Nacionalista Galego en Santiago desempeñou o papel de Responsábel de Política Institucional, e de Responsábel Local.

